

EXPTE. 2309/500

**MODIFICACIÓN
ORDENANZA FISCAL
REGULADORA**

**DO IMPOSTO SOBRE
VEHÍCULOS DE TRACCIÓN
MECÁNICA. (3)**

2017

**ORDENANZA
VIXENTE
E
MODIFICACIÓN
PROPOSTA**



ORDENANZA Nº 3:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE
TRACCIÓN MECÁNICA. 2016**

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo municipal, directo e obrigatorio regulado nos artigos 92 a 99 da RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a súa circulación o que estivese matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desa natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 Kg.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria a nome de quen figure o vehículo no permiso de circulación.

2. Excepcionalmente terá a condición de suxeito pasivo do imposto quen figure no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico como posuidor, como consecuencia de comunicación de transferencia do vehículo realizada polo transmitinte e aínda que non estivesen cumprimentados tódolos trámites a cargo do adquirente.

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estarán exentos do imposto:

ORDENANZA Nº 3:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE
TRACCIÓN MECÁNICA. 2017**



ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1.1 Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2 Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3 Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.

1.4 As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou doentes.

1.5 Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg, e que, pola súa construción, non poida alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ó resto das súas características técnicas, equiparanse ós ciclomotores de tres rodas.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como condutor/a habitual e único na póliza do seguro do vehículo

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste epígrafe, terán a consideración de persoas con discapacidade quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%.



1.6 Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

1.7 Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Gozarán dunha bonificación do 100 por 100 de cota do imposto:

2.1 Os vehículos da clase turismos de menos de 8 cabalos fiscais con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Esta bonificación aplicarase de oficio no caso de vehículos nos que a súa primeira matriculación se tivese realizado en territorio español. Noutro caso, deberá solicitarse aportando documentación que acredite a antigüidade e en caso favorable surtirá efectos para o exercicio seguinte ao da solicitude.

Nos casos nos que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de fabricación ou de primeira matriculación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

2.2 Os vehículos catalogados como “históricos” polo organismo competente.

2.3 Os vehículos das clases “turismo” e “motocicleta” que, aínda que non posúan a catalogación de “históricos”, teñan unha antigüidade anterior ou igual ao ano 1986, estean en bo estado de conservación e circulen como máximo 5000 km no período dun ano.

Para o disfrute desta bonificación deberá solicitarse expresamente aportando constancia dos Km. percorridos entre as dúas últimas Inspeccións Técnicas de Vehículos (ITV), fotografía do vehículo, e acreditación da data de fabricación ou de primeira matriculación.

Nos casos nos que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de fabricación ou primeira matriculación, a data de fabricación

3. Gozarán dunha bonificación do 75% do imposto



durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que instalen un catalizador homologado. Así mesmo poderán acollerse a esta bonificación, durante o exercicio no que se produce a matriculación do vehículo e o seguinte, todos aqueles contribuíntes que adquiran un vehículo novo con catalizador homologado para substituír un vehículo que non dispoña dese catalizador, sempre e cando acrediten que o devandito vehículo será destinado a desguace.

4. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos en que se dispón, dunha bonificación do 75% na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes. Estes vehículos gozarán da bonificación durante o exercicio no que se produce a matriculación e no seguinte.

b) Que se trate de vehículos novos sen matricular, clasificados como turismos de motor de gasolina ou diesel, cuxa marca e modelo se inclúan entre os vehículos máis eficientes con cualificación de Eficiencia Enerxética A) nos termos do Real Decreto 837/2002, de 2 de agosto.

Aplicarase esta bonificación a vehículos novos que, aínda non estando cualificados de Eficiencia Enerxética A), as súas emisións de CO₂ non sexan superiores a 120 g/km.

Estes vehículos gozarán da bonificación durante o exercicio no que se produce a matriculación e no seguinte.

c) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas, gozando da bonificación con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.

d) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno.

Aplicarase esta bonificación a vehículos adscritos a

deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.



licenzas de autotaxi que utilicen combustible GLP (gases licuados do petróleo).

Estes vehículos gozarán da bonificación durante o exercicio no que se produce a matriculación e no seguinte.

Para poder gozar das bonificacións ás que se refire este apartado 4 do presente artigo, os interesados poderán aplicarse a bonificación na primeira autoliquidación do imposto e deberán solicitar expresamente a bonificación para o ano seguinte, ou con carácter indefinido no caso do apartado 4 c) acompañando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión do beneficio fiscal.

A bonificación que deberá surtir efectos no ano seguinte ao da matriculación terá que ser presentada con anterioridade ao 31 de decembro dese ano.

Se se trata dunha bonificación con carácter indefinido esta surtirá efectos para o exercicio seguinte a quél no que se presente.

O Servizo de Administración de Tributos, solicitará informe ó Servizo Municipal de Medioambiente nos casos en que fose necesario verificar os requisitos esixidos para a concesión desta bonificación, por non estaren claros os termos da ficha técnica do vehículo.

5. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 de cota do imposto:

5.1 Os vehículos da clase turismos de 8 ata 11,99 cabalos fiscais con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Esta bonificación aplicarase de oficio no caso de vehículos nos que a súa primeira matriculación se tivese realizado en territorio español. Noutro caso, deberá solicitarse aportando documentación que acredite a antigüidade e en caso favorable surtirá efectos para o exercicio seguinte ao da solicitude.

Nos casos nos que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de fabricación ou primeira matriculación, a data de fabricación

5. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 de cota do imposto:

5.1 Os vehículos da clase "turismo" e "motocicleta" con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.



deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

6. Os vehículos da clase ciclomotores e os da clase motocicletas de ata 125 cc gozarán dunha bonificación do 75% na cota do imposto, con carácter indefinido, pola súa menor incidencia no medio ambiente.

ARTIGO 5.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

De entre os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 da presente ordenanza, aplicaranse de oficio os indicados nos apartados 1.1, 1.4, 1.6 e 2.2. O beneficio regulado no apartado 2.1 aplicarase de oficio cando non sexa preciso presentar documentación ningunha e será rogado en caso contrario. Os restantes teñen carácter rogado. Os beneficios establecidos en lexislación sectorial terán carácter rogado.

Os beneficios de carácter rogado surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se presente a solicitude agás as presentadas no mes de xaneiro. Neste último caso a concesión surtirá efectos no mesmo exercicio.

a) Para os supostos 1.5, 3 e 4, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención ou bonificación correspondente indicando as características do vehículo, matrícula, e causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións a que se refire o artigo 4 en cada caso. En particular, para o outorgamento da exención prevista no parágrafo 2º do epígrafe 1.5, do artigo 4, a vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de discapacidade emitido polo órgano competente xunto coa copia da póliza do seguro do vehículo onde constará aquel como condutor exclusivo. Para o caso de vehículos destinados a transporte de persoas con discapacidade, o suxeito pasivo do Imposto deberá aportar certificado de minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo coa ficha técnica do mesmo, onde figurará a adaptación daquel para o transporte de persoas con discapacidade.

b) No suposto do apartado 1.7 os interesados poderán presenta-la cartilla de inspección agrícola no momento da súa alta na Xefatura Provincial de Tráfico, obviando así o pagamento do imposto e a solicitude expresa de exención, sen prexuízo das facultades revisoras da Administración Tributaria.

Nos casos nos que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de fabricación ou primeira matriculación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.



No caso da exención á que se refire o artigo 4 apartado 1.5, se constase no certificado da condición de discapacitado unha data de efectos anterior á solicitude de exención do Imposto, a administración tributaria do Concello tramitará devolución en contía do 90% das cotas ingresadas ata un máximo de oito trimestres, contados dende a data da solicitude de exención do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

ARTIGO 6.- COTA

1. O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A. TURISMOS	COTA ANUAL	
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais		22,20 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais		61,75 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais		133,95 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais		179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais		224,00 €

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL	
B.1. de menos de 21 prazas		152,90 €
B.2. de 21 a 50 prazas		222,10 €
B.3. de máis de 50 prazas		277,70 €

C. CAMIÓN S	COTA ANUAL	
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil		78,00 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil		152,90 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil		222,10 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil		277,70 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL	
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais		29,55 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais		47,35 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais		141,90 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL	
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil		32,40 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil		51,00 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil		155,90 €

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL	
F.1. Ciclomotores		4,42 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.		4,42 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.		12,15 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.		27,25 €

ARTIGO 6.- COTA

F. OUTROS VEHÍCULOS

COTA ANUAL



F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc. 54,50 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc. 109,05 €

2. Para aplicación da tarifa anterior teranse en conta as seguintes regras:

a) O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido no R.D. 2822/1998 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

b) Entenderase por “furgoneta” o resultado de adaptar un vehículo turismo a transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración de tamaño ou disposición das portas ou outras alteracións que non modifiquen esencialmente o modelo de que se deriva.

c) As furgonetas, vehículos mixtos, todo terreo, derivados de turismo, mixtos adaptables, mixtos todo terreo, furgoneta mixta, furgón mixto adaptable e similares destinados a transporte mixto de persoas e cousas tributarán como turismo con arranxo a súa potencia fiscal agás nos seguintes casos:

c.1. Se o vehículo está habilitado para transporte de máis de 9 persoas tributará como autobús.

c.2. Se o titular do vehículo estivese de alta en epígrafe do imposto sobre actividades económicas correspondente a unha actividade que esixa ou comporte un destino preponderante de transporte de carga tributará como camión aínda que a carga útil do vehículo fose inferior a 750 Kg.

d) Os motocarros terán a consideración, a efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán por cilindrada, sempre que a súa tara non exceda de 400 Kg. Noutro caso tributarán como camión.

e) Os vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

f) As máquinas autopropulsadas que poidan circular pola vía pública sen seren transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes a tractores, quedando comprendidos entre estes os tracto-camións e os tractores de obras e servizos.

F.1. Ciclomotores 4,42 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc. 4,42 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc. 10,95 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc. 24,55 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc. 49,05 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc. 98,15 €



g) As motocicletas eléctricas terán a consideración, a efectos deste imposto, de motocicletas de ata 125 cc.

3. A potencia fiscal do vehículo determinarase de acordo co disposto no artigo 11.20 do R.D. 2822/1998 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, en relación co Anexo V do mesmo texto.

4. Nos casos en que consten na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para MTMA (peso técnico máximo autorizado) e MMA (pero máximo autorizado) respectivamente, aplicarase a efectos da tarifa o valor que corresponda a MMA indicador do maior peso en carga con que se permite a circulación, conforme ó indicado no R.D. 2822/1998 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

ARTIGO 7.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo coincide co ano natural agás no caso de primeira adquisición do vehículo en que comezará o 1º día do trimestre natural en que se produce dita adquisición.

2. O imposto devengarase o 1º de xaneiro de cada ano agás que se trate de primeira adquisición en que se devenga o día de alta na Xefatura Provincial de Tráfico.

3. A cota do imposto é irredutible agás no caso de primeira adquisición, baixa definitiva ou baixa temporal por sustracción ou roubo do vehículo en que se prorrateará por trimestres naturais.

4. As alteracións no imposto consecuencia de transferencia ou cambio de domicilio surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se produza a alteración no rexistro de Dirección Xeral de Tráfico.

ARTIGO 8.- XESTIÓN

1. A Xestión, liquidación, inspección e recadación deste imposto corresponde ó Concello de Vigo sempre que o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo pertenza ó termo municipal.

2. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o imposto xestionarase mediante o

ARTIGO 8.- XESTIÓN



sistema de padrón anual que se notificará de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, excepto os ciclomotores e motocicletas de ata 125 cc. nos que as cotas anuais deberán ser ingresadas polo procedemento de autoliquidación entre os meses de xaneiro e abril de cada ano.

3. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación o imposto ingresarse polo sistema de autoliquidación. Esta formularase en impreso regulamentario, que facilita o Rexistro Xeral, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

4. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ó cobro do Imposto sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pagamento de tódalas débedas por dito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas.

Para estes efectos, entenderase que os recibos do exercicio corrente están ó cobro dende o 1 de xaneiro. Se a data en que o interesado debe formular a correspondente alteración é anterior ó período de cobranza do imposto, aquel realizará o ingreso correspondente ó exercicio ou parte deste, no caso de baixa definitiva, polo procedemento de autoliquidación.

Exceptúase da referida obriga de acreditación do pagamento do último recibo presentado ó cobro o suposto de baixas definitivas de vehículos con 15 ou máis anos de antigüidade.

ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIONES

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

3. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación, o imposto ingresarse polo sistema de autoliquidación. Este formulario está dispoñible na <https://sede.vigo.org>, e deberá ser cumprimentado e realizado o ingreso, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.



DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os vehículos de antigüidade superior a 26 anos que, coa entrada en vigor desta modificación, deberan tributar, gozaran, durante o exercicio 2016, dunha bonificación do 50% da cota que lles correspondera conforme ao disposto na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2016 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

SUPRÍMESE

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

ACTA

Sesión Extraordinaria e urxente número 2016/18 do día trinta e un de agosto de dous mil dezaséis

ASISTENTES

Presidente :D. Albino Rodríguez Ferreira

Vocal :D. Miguel A. Pola Tombo

Secretario :D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

No Concello de Vigo, sendo as 13'00 horas do día trinta e un de agosto de dous mil dezaséis, reúnese, en sesión Extraordinaria e urxente, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa asistencia dos membros anteriormente suliñados.

Aberta a sesión pola Presidencia, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos para a súa válida constitución, a Sala comeza tratar os seguintes asuntos, incluídos na orde do día da convocatoria feita o día trinta e un de agosto de dous mil dezaséis

ORDE DO DIA

1. Ratificación da urxencia

Aprobase, por unanimidade, a declaración da urxencia da sesión

2.- TIPO: Informe DIRECCIÓN DE INGRESOS

EXPEDIENTE: ORDENANZAS 2017 REF: I4035 E4203 P3679

ASUNTO: Informe previo sobre modificación das Ordenanzas Fiscaís que se relacionan

Examinada PROPOSTA DE INFORME incorporada ó expediente para votación e acordo có seguinte literal

Remítense a este Tribunal os expedientes relativos á modificación das seguintes Ordenanza Fiscaís a fin de que se emita informe previo:

1)ORDENANZA FISCAL XERAL (1), que modifica asimismo:

- ordenanza fiscal nº 2, reguladora do imposto sobre bens inmobles
- ordenanza nº 11 Fiscal Reguladora das Taxas do Servizo de taxi
- ordenanza nº 15, reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos
- ordenanza nº 20, reguladora das taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia
- ordenanza nº 21, reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de Vigo
- ordenanza nº 23 reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de Educación Infantil

Páx 1 de 3



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 13:24

Páxina 1 de 3

Expediente 2309/500

Código de verificación: 25E84-AAC2B-5BD38-4822D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

- ordenanza fiscal nº 30, reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

2)ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (3)

3) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO". (50)

4) ORDENANZA FISCAL REGULADORA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓN" (51)

5) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS" (60)

En atención o requirimento efectuado este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE E TRAMITACIÓN:

A modificación das Ordenanzas Fiscaís ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).

- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscaís é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas polo TRLFL.

Efectivamente, como se ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscaís, a súa tramitación non segue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que contén con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegaciónes y observaciones" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuízo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexitimas transaccións cós grupos municipais ou incluso emendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LRBRL e 2.b do ROTEACV.

Tal e coma se recolle nas propostas remitidas, "O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Páx 2 de 3



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 13:24

Páxina 2 de 3

Expediente 2309/500

Código de verificación: 25E84-AAC2B-5BD38-4822D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA. "

SOBRE AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS

Examinadas as modificacións propostas, compre declarar en único acto a legalidade de todas e cada unha delas nos termos das propostas asinadas electrónicamente e que se incorporan ós expedientes do Tribunal. Por elo, e sin extensión do presente informe pola premura existente, se informan favorablemente sin prexuízo do dictame concreto que se emitirá para cada unha delas unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local e que resultará favorable de non se producir trocos na redacción dos textos

A Sala, por unanimidade, acorda:

Prestar conformidade ó informe e, en consecuencia, dictaminar favorablemente a proposta de modificación da Ordenanza subliñada

Non habendo mais asuntos que tratar, e coa aprobación da presente, unha vez lida, sendo as 13'30 horas do día trinta e un de agosto de dous mil dezaséis, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, o que eu, Secretario, fago constar.

Vigo, a trinta e un de agosto de dous mil dezaséis

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

Vº e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira

Páx 3 de 3



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 13:24

Páxina 3 de 3

Expediente 2309/500

Código de verificación: 25E84-AAC2B-5BD38-4822D

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

ASUNTO: MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2017 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (EXPTE. 2309-500).

Remitida á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

Primeiro. Normativa de aplicación.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 15 a 19.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. (LXT)
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (RXR)
- Real Decreto 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter público. (LTPP)
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)
- Regulamento Orgánico do Pleno.

Segundo. Documentos que integran o expediente.

- Texto da Ordenanza vixente así como a nova redacción proposta.
- Informe-proposta de data 29 de agosto de 2016 asinado pola Técnica Xurídica da Dirección de ingresos e pola Directora de ingresos, e conformado o 30 polo Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Informe do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado en sesión extraordinaria e urxente número 2016/18 do 31/08/2016, en cumprimento



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 13:24

Páxina 1 de 3

Expediente 2309/500

Código de verificación: 2BE34-8AA2C-53DCD-E3A3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

do disposto no artigo 137.1 b) da LRBRL.

Terceiro. Modificación proposta.

A modificación proposta, tal e como consta no informe obrante no expediente, consiste en “reducir a tributación das motocicletas nun 10%”, así como en “asimilar no tratamento fiscal, os denominados vehículos “clásicos” aos catalogados como “históricos”. Así, bonifícanse no 100% da cota do imposto os vehículos das clases “turismo” e “motocicletas” que, non posuíndo a catalogación de “históricos”, teñan unha antigüidade do ano 1986 ou anterior, estean en bo estado de conservación e teñan circulado como máximo, no último ano, 5000 km. Os restantes vehículos da clase “turismo” e “motocicleta” de, antigüidade 25 anos ou máis gozaran dunha bonificación do 50% da cota do imposto”.

Cuarto. Contido.

A nova redacción da Ordenanza que se propón modificar integra o contido mínimo esixido no artigo 16 do TRLRHL¹, sen que, a xuízo do funcionario que subscribe, o texto proposto conteña preceptos ou disposicións que contraveñan o disposto no TRLRFL, na LXT, ou nas demais Leis do Estado reguladoras da materia e demais disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Quinto. Consideracións xurídicas.

1. As novas tarifas non superan os límites máximos establecidos no artigo 95 do TRLRFL, polo que, a estes exclusivos efectos, a modificación proposta non precisa de motivación ou xustificación adicional algunha (por todas STSX de Cataluña 30-04-94, STSX da Comunidade Valenciana 27-01-1994).

2. Polo que respecta á bonificación prevista para os vehículos que teñan unha antigüidade anterior ou igual ao ano 1986, ou para os que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, as porcentaxes establecidas (100% e 50% respectivamente) non superan en ningún caso a porcentaxe máxima establecida na letra c) do apartado 6 do artigo 95 do TRLRFL (100%), regulándose no texto da ordenanza os aspectos sustantivos e formais a que se refire o citado precepto.

3. O Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo considera conforme a Dereito a proposta de acordo contida no expediente.

1 O artigo 16 do TRLRFL dispón que: “Os acordos de modificación das devanditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación”.





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Sexto. Incidencia nas magnitudes orzamentarias e no cumprimento das regras fiscais.

Consonte ao disposto no artigo 12.4 da LOEOSF, de resultar finalmente aprobadas as modificacións na ordenanza reguladora do Imposto nos termos propostos, as previsións orzamentarias iniciais correspondentes ao exercicio 2017, así como o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto no anos 2017 e seguintes, deberán diminuírse pola redución da recaudación que se prevexa como consecuencia da aplicación das medidas previstas no acordo adoptado, calculado pola Dirección de ingresos en 400.000,00 euros.

Sétimo. Procedemento e competencia.

O procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente para a modificación das ordenanzas fiscais aparece recollido nos artigos 49 da LRBRL, 15 e seguintes do TRLRFL e no Regulamento Orgánico do Pleno, coas especialidades que se sinalan no título X da LRBRL ("Régime de organización dos municipios de gran poboación"), sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, por maioría simple, previa aprobación do proxecto de modificación da ordenanza pola Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1 a) da LRBRL.

En aplicación do disposto no artigo 90 do Regulamento Orgánico do Pleno unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Goberno Local, concederáse aos grupos políticos municipais o prazo indicado no citado precepto para que poidan presentar emendas ao artigado ou a totalidade. Para o caso de que o proxecto fora emendado, as emendas deberán ser incorporadas ao proxecto que deberá someterse novamente a Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

Conclusións.

En consecuencia, esta Intervención fiscaliza DE CONFORMIDADE a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica" para o exercicio 2017, nos termos contidos no presente informe.

Vigo, 2 de setembro de 2016
O Interventor Xeral,
Asdo. Alberto Escariz Couso
documento asinado electrónicamente



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 13:24

Páxina 3 de 3

Expediente 2309/500

Código de verificación: 2BE34-8AA2C-53DCD-E3A3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

TIPO: Dictame

SOLICITANTE: Xunta de Goberno Local

EXPEDIENTE: ORDENANZAS 2017 (2309/500) REF: I4044 E4212 P3681

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (3)

En Vigo, a 15/09/2016, examinada a proposta de dictame asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 14/09/2016 co seguinte literal:

A Xunta de Goberno Local, en Sesión que tivo lugar o día 12 de setembro de 2016, aprobou o proxecto de modificación da citada Ordenanza Fiscal.

A Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, en Sesión Extraordinaria e Urxente que tivo lugar o trinta e un de agosto de dous mil dezaséis, xa tiña emitido e aprobado, a solicitude da Dirección de Ingresos, informe previo sobor da proposta á Xunta de Goberno Local da modificación agora aprobada coma proxecto.

Tal e coma se indicaba no dito informe previo, a modificación das Ordenanzas Fiscais ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LFL).
- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscais é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non segue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas poñón TRLFL.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscais, a súa tramitación non segue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que contén con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegacións e observacións" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuízo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexítimas transaccións cós grupos municipais ou incluso enmendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que ratificar ou non o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LRBRL e 2.b do ROTEACV.

Tal e coma se recolle nas propostas remitidas, "O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 13:24

Páxina 1 de 2

Expediente 2309/500

Código de verificación: 23E34-BA422-53D4D-34222

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
TRIB. EC-ADM

Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose emendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as emendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA. "

SOBRE AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS

Segundo consta no informe-proposta que figura no expediente:

"A presente modificación consiste en reducir a tributación das motocicletas nun 10%. Proponse, tamén, assimilar no tratamento fiscal, os denominados vehículos "clásicos" aos catalogados como "históricos". Así, bonifícanse no 100% da cota do imposto os vehículos das clases "turismo" e "motocicletas" que, non posuíndo a catalogación de "históricos", teñan unha antigüidade do ano 1986 ou anterior, estean en bo estado de conservación e teñan circulado como máximo, no último ano, 5000 km. Os restantes vehículos da clase "turismo" e "motocicleta" de, antigüidade 25 anos ou máis gozaran dunha bonificación do 50% da cota do imposto.

A previsión presupostaria para o exercicio 2017 por este imposto reduciranse en 400.000€, en parte debido as reducións propostas no presente expediente e, noutra medida, para corrixir a sobreestimación nas previsións realizadas para o presente exercicio 2016. "

En relación coas modificacións propostas, compre ter en conta que cando se trate do establecemento ou modificación, coma a presente, dos elementos previstos na lei, non precisa a súa adopción de motivación ou razonamento algún, ó se tratar do mero exercicio de funcións de Xusticia (neste caso, do exercicio do poder tributario local; vid. STSX de Cataluña de 30-4-94 Rec 693/1990) debendo limitarse a verificar que os límites previstos na TRLFL non son superados, constatándose no presente que efectivamente é así. No meesmo sentido, a STSX da Comunidade Valenciana de 27-1-1994 (Arz JT 1994,71), sobre incremento de tipos de IBI, IVTM, IVTNU, declara que en tanto se atopan dentro dos límites establecidos legalmente, de conformidade có disposto na LFL, resulta impertinente esixir unha especial motivación ou xustificación.

Ó non se producir modificación algunha entre a proposta á Xunta de Goberno Local e o Proxecto de Modificación aprobado por ésta, compre procedente propoñer, en idénticos termos, dictame favorable ó mentado Proxecto de Modificación.

En virtude do exposto este Tribunal considera conforme a dereito o Proxecto de Modificación que consta no expediente.

Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias

ACORDA

Prestar conformidade á proposta de dictame e, en consecuencia, dictaminar favorablemente o Proxecto de modificación da Ordenanza subliñada

Vigo, a 15/09/2016

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

Vº e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2016 13:24

Páxina 2 de 2

Expediente 2309/500

Código de verificación: 23E34-BA422-53D4D-34222

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día **3 de outubro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

4.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. (3). EXPTE. 2309/500. (REXISTRO PLENO 1423/1101)

ANTECEDENTES:

No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 29.08.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica”, que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en reducir a tributación das motocicletas nun 10%. Proponse, tamén, asimilar no tratamento fiscal, os denominados vehículos “clásicos” aos catalogados como “históricos”. Así, bonifícanse no 100% da cota do imposto os vehículos das clases “turismo” e “motocicletas” que, non posuíndo a catalogación de “históricos”, teñan unha antigüidade do ano 1986 ou anterior, estean en bo estado de conservación e teñan circulado como máximo, no último ano, 5000 km. Os restantes vehículos da clase “turismo” e “motocicleta” de, antigüidade 25 anos ou máis gozaran dunha bonificación do 50% da cota do imposto.

A previsión presupostaria para o exercicio 2017 por este imposto reduciranse en 400.000€, en parte debido as reducións propostas no presente expediente e, noutra medida, para corrixir a sobreestimación nas previsións realizadas para o presente exercicio 2016.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal Económico-Administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da presente ordenanza fiscal”, así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de ordenanza fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto” tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao Proxecto que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA” (3).

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Engádese no punto 2. un novo apartado 2.3 que, queda redactado como segue:

2.3 Os vehículos das clases “turismo” e “motocicleta” que, aínda que non posúan a catalogación de “históricos”, teñan unha antigüidade anterior ou igual ao ano 1986, estean en bo estado de conservación e circulen como máximo 5000 km no período dun ano.

Para o disfrute desta bonificación deberá solicitarse expresamente aportando constancia dos Km. percorridos entre as dúas últimas Inspeccións Técnicas de Vehículos (ITV), fotografía do vehículo, e acreditación da data de fabricación ou de primeira matriculación.

Nos casos nos que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de fabricación ou primeira matriculación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

Modifícase no punto 5, o apartado 5.1 e o último paragrafo do mesmo apartado que, queda redactado como segue:

5. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 de cota do imposto:

5.1 Os vehículos da clase “turismo” e “motocicleta” con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Último paragrafo

Nos casos nos que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de fabricación ou primeira matriculación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

ARTIGO 6.- COTA.

Modifícase no punto 1, o apartado F que, queda redactado como segue:

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	4,42 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	4,42 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	10,95 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	24,55 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	49,05 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	98,15 €

ARTIGO 8.- XESTIÓN.

Modifícase o punto 3 que, queda redactado como segue:

3. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación, o imposto ingresarse polo sistema de autoliquidación. Este formulario está dispoñible na <https://sede.vigo.org>, e deberá ser cumprimentado e realizado o ingreso, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

DISPOSICIÓN FINAL 2ª

Queda redactada como segue:

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

En sesión de data 12 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

- En data 23.09.2016 o grupo municipal do Partido Popular achega escrito de presentación de emendas que, con referencia á Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, realiza a seguinte proposta: "... os vehículos con antigüidade superior aos 26 anos gozarán dunha bonificación do 100% da cota..."

En data de 26.09.2016 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 26.09.2016, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra e Srs. Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, queda rexeitada dita emenda.

VOTACIÓN DO FONDO: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente incoado mediante a inserción de anuncios no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto de que no prazo de os trinta días hábiles seguintes se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

CARTO: Entender como definitivo o acordo de aprobación inicial no suposto de que dentro do prazo citado non se presentaran reclamacións; proceder, no seu caso, a publicación do texto aprobado no BOP os efectos da súa entrada en vigor e facultar a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente Texto Refundido .

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a catro de outubro do ano dous mil dezaseis.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.